










EEI VILALAURA

BOLETÍN
NÚMERO 8

DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN

ABRIL
2011

HÁBITOS DE AUTONOMÍA EN NENOS E NENAS DE 4 ANOS

<p>COMIDA</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Come só/soa, aínda que non sabe cortar a carne. • Empurra co pan a comida, aínda que mancha as mans. • Toma sopa con culler bastante ben. • Pon o babeiro e leva o prato ao vertedoiro se se lle pide. • Pode ter un encargo as fins de semana: colocar os panos de mesa.
<p>BAÑO E ASEO</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Se se lle recorda, lava os dentes sen supervisión. • Intenta peitearse, aínda que non sabe. • Aprende a regular a auga da bañeira. • Acepta sen rabechas saír do baño se se lle deixou xogar un pouco. • Sabe poñer o xel na esponxa e fregar o corpo, aínda que non se baña só/a. • Sabe botar a cabeza para atrás sen medo mentres mamá ou papá lle aclara o pelo.
<p>VESTIDO</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Desvistese totalmente só/soa. • Vístese só/soa as fins de semana, aínda que ten dificultades para identificar a parte de diante e a de atrás, os zapatos de cada pé, e para abotoar o botón do vaqueiro. Sabe poñer os calcetíns e intenta facer o lazo dos zapatos. • Pon o pixama só/soa todos os días mentres se lle anima e mira. • Se o acostumamos, colga o abrigo cando chega á casa sen que se lle recorde.
<p>ESFÍNTERES</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Érguese só/soa pola noite a facer pis. • Ás veces, hai accidentes nocturnos sen importancia. • Non fai caca por si. • Sabe limparse só/soa sen necesidade de chamar a mamá ou papá. • Sabe preguntar polo cuarto de baño cando está de visita.
<p>DURMIR</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Dorme só/soa. 
<p>AUTONOMÍA EMOCIONAL</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Xoga no seu cuarto 30 ou 45 minutos se se acode de cando en vez a interesarse polo seu xogo. • Pode quedar a durmir en casa de familiares sen ningún problema se a estancia non supera os dous ou tres días. • Ás veces, ten medo e quere durmir con mamá e papá, pero non se lle permite abusar.
<p>RESPONSABILIDADES</p> 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe dicir o seu nome completo, a rúa e o piso no que vive. • Localiza alimentos nun supermercado coñecido, aínda que estean en distintos corredores. • Axuda a sacar a compra, pero agora xa lle atrae máis compartir unha charla con mamá ou papá mentres o fai. • Coloca os panos de cociña e aprende a colocar os cubertos.